



## A GLOBALIZACIÓN



Elaboración propia



# ÍNDICE

---

## A GLOBALIZACIÓN

1. CONCEPTO, ORIXE E CAUSAS DA GLOBALIZACIÓN.....	1
1.1 Concepto e orixe da globalización.....	1
1.2 Causas da globalización.....	1
<i>Exercicios</i> .....	2
2. TIPOS DE GLOBALIZACIÓN.....	3
<i>Exercicios</i> .....	3
3. CONSECUENCIAS DA GLOBALIZACIÓN.....	4
<i>Exercicios</i> .....	5
4. O MOVEMENTO ANTIGLOBALIZACIÓN.....	6
<i>Exercicios</i> .....	6
SOLUCIÓNS.....	7



## 1. CONCEPTO, ORIXE E CAUSAS DA GLOBALIZACIÓN

---

### 1.1 Concepto e orixe da globalización

A globalización é un fenómeno complexo, con diferentes facetas, que está a transformar o mundo nas últimas décadas, provocando cambios relevantes na sociedade, especialmente na súa economía; algúns considéranla a fase actual do capitalismo. O característico deste proceso é que se dá cada vez unha maior integración entre os países.

Poderíamos definir a globalización como o **proceso de integración e interdependencia crecente entre os distintos países** e pobos do mundo que abrangue aspectos económicos, políticos, culturais e tecnolóxicos.

A globalización constitúe sobre todo un **concepto económico**, xa que tamén é o nome que se lle dá ao proceso de **creación dun mercado mundial** sen fronteiras xeográficas, un mercado onde se pretende eliminar os obstáculos que limitan a liberdade de circulación de capitais e mercadorías, pero no de man de obra. O mundo transfórmase nun gran mercado, no cal poderosas empresas lles ofertan os seus produtos aos seus clientes, buscando que o conxunto da Humanidade teña os mesmos gustos, impulsada por unha mesma propaganda.

O concepto de globalización implica pois a difusión dunhas mesmas ideas, valores, gustos, costumes, formas de vestir, innovacións tecnolóxicas.... que non coñece fronteiras.

A globalización, ben que é un termo que se utiliza de forma frecuente dende 1980, non é un proceso ou fenómeno exclusivo do mundo contemporáneo; podemos rastrexar as súas raíces noutras épocas anteriores, marcadas pola xeneralización dos intercambios comerciais, o comercio exterior e os movementos migratorios. Este tipo de procesos ou fenómenos ganaron peso coas exploracións marítimas europeas nos séculos XV e XVI, mentres que a globalización moderna se acelerou considerablemente por parte das potencias industriais dende a fin da Guerra Fría, incrementando a aplicación de innovacións científicas e tecnolóxicas, liberalizando mercados e intensificando a mundialización da economía, aínda que **esta tendencia** se viu **afectada por diferentes crises de alcance internacional**, como a crise financeira iniciada nos EE.UU. en 2008, a da pandemia da covid de 2020 ou a da guerra de Ucraína de 2022.

### 1.2 Causas da globalización

Os principais factores que levan a este proceso son os seguintes:

- **A revolución tecnolóxica nos medios de transporte.** Estes avances permiten reducir o tempo para o desprazamento das persoas a través de avións e de trens de alta velocidade. Por outra banda, a redución dos prezos nas compañías de baixo custo favorece o fluxo de pasaxeiros. O mesmo acontece coas mercadorías: hoxe en día podemos mercar un produto na outra parte do mundo e recibilo nun prazo de 48 horas.

- **A revolución tecnolóxica nas áreas de comunicación,** especialmente a **internet**, xa que permite unha transmisión instantánea de información a nivel mundial.



"Servidor proxy" (Seobility CCBY-SA 4.0)

- **Menos barreiras comerciais** entre os diferentes países, o que facilita o comercio internacional. Esta circunstancia débese a unha progresiva liberalización económica aceptada por moitos países dende a segunda metade do século XX. Entre as institucións principais que a propiciaron figuran:
  - -A Organización Mundial do Comercio (OMC), referente do comercio internacional e que tenta eliminar os aranceis.
  - -A Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económico (OCDE). Ten como meta liberalizar dun xeito progresivo os movementos de capitais e servizos.
  - -O Fondo Monetario Internacional (FMI) e o Banco Mundial (BM), organismos vinculados á ONU que, en xeral, conceden préstamos a países con problemas económicos.

- **Aumento dos fluxos migratorios.** Os desprazamentos humanos aumentan de xeito significativo, sobre todo cos migrantes que vivían en países máis desfavorecidos e buscan un mellor destino lonxe dos seus fogares, onde atopar mellores oportunidades económicas; tamén se observa un incremento destes desprazamentos por razóns educativas, sociais ou mesmo políticas. Procedentes de América Latina, de África, de Asia e de países da Europa Oriental, os migrantes diríxense principalmente a Europa e Norteamérica.



"Caiuco con inmigrantes"  
(Miguelángel CC BY-NC 2.0)

- **Normalización.** Moitos países adaptan hoxe en día normas similares nunha gran cantidade de produtos. Un exemplo serían as tarxetas de crédito ou débito de diferentes empresas que están operativas nos diferentes países.

## EXERCICIOS

### Exercicio 1

Define globalización. Beneficia por igual a todos os países?

### Exercicio 2

Sinala unha organización internacional que propicie a diminución das barreiras comerciais.

## 2. TIPOS DE GLOBALIZACIÓN

---

Podemos distinguir catro tipos de globalización:

- **Globalización comercial:** é a crecente integración das economías de todo o mundo, na cal o comercio desempeña unha función fundamental. Hoxe en día é habitual atopar no mercado o mesmo produto de procedencias moi diferentes, ademais da maior variedade de produtos nunca vista.
- **Globalización produtiva:** consiste en que os produtos cos que estamos familiarizados actualmente se deixaron de producir nun único lugar debido á **deslocalización**, xa que as empresas tenden a trasladar diferentes fases do proceso produtivo aos países máis permisivos en materia de impostos e cuestións ambientais, e sobre todo aos países que permiten a contratación dunha **man de obra máis barata**, na maioría das ocasións a través de subcontratas ou de empresas externas que prestan un servizo á empresa principal.
- **Globalización financeira:** fai referencia á interdependencia do tipo financeiro entre os diferentes países e responde a unha política aperturista que permite os fluxos internacionais de capital para facer investimentos en calquera lugar do mundo de xeito moi doado.
- **Globalización cultural:** refírese á difusión por todo o mundo de experiencias, valores e ideas dunha mesma cultura, ao cal contribúen de xeito significativo o desenvolvemento da internet e a publicidade.



"Call Center indio" (Barracudz CC BY-NC-SA 2.0)

## EXERCICIOS

---

### Exercicio 3

Trata de atopar un exemplo de materia prima involucrada na produción dunha ferramenta, dun utensilio ou dunha prenda de vestir... presente na túa vida diaria. Cita a súa posible procedencia.

### Exercicio 4

Expón varios exemplos de globalización cultural en que, como cidadán do mundo, te poderías ver afectado.

### 3. CONSECUENCIAS DA GLOBALIZACIÓN

---

A globalización ten un profundo impacto no noso mundo actual, con efectos positivos e negativos que varían segundo o prisma dende que o vexamos e segundo as partes afectadas. Entre as súas principais consecuencias, destacan:

- **O crecemento e desenvolvemento económico para algúns países.** Sería o caso de países como China ou India, que se desenvolveron moito economicamente nos últimos anos e se integraron eficazmente nas cadeas de subministración internacionais mellorando o seu Índice de desenvolvemento humano. O **IDH** é un indicador social baseado en tres parámetros: vida **longa e saudable** (medida segundo a esperanza de vida), **educación** (nivel de estudos da poboación) e **nivel de vida digno** (medido polo PIB *per cápita*).
- **A progresiva eliminación das barreiras comerciais,** estimulada polas normativas das principais institucións económicas supranacionais, como a Organización Mundial de Comercio, que supón o **incremento do comercio internacional**. Os países especializados nun produto ou servizo expórtano a mercados globais, beneficiando tanto os produtores, que contan cun mercado máis amplo onde colocar os seus produtos, como os consumidores, posto que dispoñen dunha **maior variedade de produtos e uns prezos máis competitivos**, e non teñen porque limitarse, como antano, á oferta do seu país xa que contan cunha oferta moito maior.
- **As maiores diferenzas económicas.** As **grandes beneficiadas** economicamente serían as **empresas multinacionais**, que venden en todo o mundo, fronte ás empresas pequenas, aproveitándose dos menores custos dos países menos desenvolvidos. Porén, estes países máis pobres vense prexudicados na venda dos seus produtos, xa que non poden competir coas grandes multinacionais. Por outra banda, dentro dos países desenvolvidos, algúns sectores económicos vense sometidos á **competencia do mercado global** e, como consecuencia, a man de obra do país de orixe dalgúns sectores económicos ve diminuída a súa carga de traballo debido á **deslocalización das industrias** (instaladas en zonas de man de obra barata) e á **externalización** —empresas auxiliares realizan parte das tarefas produtivas—.
- **A maior exposición dos países ás crises.** Estas expándense agora moi rápido, xa que, ao pertencer os diferentes países a un mercado global, están divididos entre os vendedores e os compradores e todos rematan por verse afectados dalgún xeito.
- Os dereitos dos traballadores quedan cuestionados debido a unha ausencia duns estándares laborais internacionais en materia de dereito laboral que impidan a explotación laboral e as condicións de traballo precarias de países que prestan servizos ás empresas con sede central nos países desenvolvidos e que teñen regulacións laborais máis permisivas.



- **A perda de poder dalgúns Estados**, en beneficio dalgunhas multinacionais que poden chegar a tentar impoñerlles as súas condicións a estes. Se estas condicións non se cumpren e estas compañías deciden marchar, provocan efectos moi negativos para a economía do país en que están asentadas.
- **O fomento do coñecemento, da tolerancia e comprensión entre os pobos** a través dun maior acceso ás súas expresións culturais. Sempre resulta enriquecedor aprender doutros estilos de vida diferentes ao propio.
- **A uniformidade cultural.** A cultura occidental é a que se atopa nunha posición dominante e ten unha maior influencia, alentando a unificación de necesidades e gustos das outras culturas debido a intereses comerciais, e conducindo en ocasións á perda das identidades e das tradicións locais ou minoritarias.
- **A denuncia da violación de dereitos humanos** de diversa índole, grazas ao avance das comunicacións, que permite denunciar e difundir este tipo de discriminacións que poidan afectar un grupo ou colectivo de mulleres, nenos, traballadores... o que pode redundar nunha mellora da súa situación.
- **O impulso da cooperación na resolución de desafíos globais comúns**, sempre que se aproveite a ocasión, como o cambio climático, as pandemias ou o terrorismo.
- **A deterioración do medio e o cambio climático.** O aumento da produción e o consumo ten como efecto negativo a sobreexplotación dos recursos naturais e a contribución ao cambio climático.

## EXERCICIOS

---

### Exercicio 5

Por que coa globalización hai unha maior expansión das crises?

### Exercicio 6

Por que cres que a globalización pode ser un problema para as distintas culturas do mundo?

## 4. O MOVEMENTO ANTIGLOBALIZACIÓN

O movemento antiglobalización é un fenómeno xurdido a finais do século XX, como **reacción aos efectos negativos da globalización**. Non se trata dun movemento homoxéneo, senón que abrangue unha **gran diversidade de grupos con diferentes perspectivas**, como pode ser unha ONG que vele pola protección do medio, un sindicato que loite pola protección dos dereitos laborais, un colectivo oposto á privatización dos servizos públicos como a educación... En xeral, obsérvase unha oposición ás consecuencias negativas do modelo económico neoliberal que prevalece hoxe en día no mundo.



"AttacRost2VI07" (Alex1011 CC BY-SA 2.5)

Algunhas das maiores críticas á globalización abranguen varios aspectos xa comentados anteriormente e serían:

- As desigualdades económicas que xera a favor de países máis ricos e das grandes multinacionais.
- A perda de capacidade de decisión dos gobernos para regular as súas economías e protexer os seus cidadáns.
- A ameaza á diversidade cultural coa imposición dun modelo cultural dominante asociado aos países occidentais.

Algunhas das súas **liñas de actuación** son: a organización de **actos de protesta e manifestacións**, coincidindo coas xuntanzas dos máximos responsables da política e economía mundial, en reunións de institucións como o Fondo Monetario Internacional ou o Banco Mundial, ou a celebración anual do **Foro Social Mundial**, no cal se reúnen activistas para debater sobre as alternativas a outro modelo de globalización.

Como balance, a pesar da súa resposta crítica aos problemas asociados á globalización neoliberal, enfróntase a grandes desafíos como a súa división interna e a falla dun liderado claro.

### EXERCICIOS

#### Exercicio 7

Sinala unha crítica do movemento antiglobalización á dimensión económica da globalización.

#### Exercicio 8

A que dificultades se enfrenta o movemento antiglobalización?



## SOLUCIÓNS

---

### Exercicio 1

É o proceso de integración e interdependencia crecente entre os distintos países a nivel económico, político, cultural e ideolóxico, pero sobre todo é un concepto económico que alude á creación dun mercado mundial, sen fronteiras nin obstáculos. Non, os países ricos e desenvolvidos son os máis beneficiados.

### Exercicio 2

A Organización Mundial do Comercio (OMC), que supón un referente do comercio internacional ao tentar eliminar os aranceis.

### Exercicio 3

Coltán extraído das minas da República Democrática do Congo.

### Exercicio 4

Indo ao cine ver o último éxito de Hollywood, bebendo Coca Cola Zero Zero, mercando unha prenda ou un accesorio de Zara tendencia da temporada.

### Exercicio 5

Porque as economías dos diferentes países dependen unhas das outras, todas pertencen aun mercado global e os países están divididos entre os vendedores e os compradores.

### Exercicio 6

Porque se impoñen os elementos da cultura occidental dominante espallándoos por todo o mundo, debido aos intereses comerciais, e isto representa unha ameza para a diversidade cultural mundial.

### Exercicio 7

As desigualdades económicas que xera a favor de países máis ricos e das grandes multinacionais.

### Exercicio 8

A súa división interna, xa que non é un movemento homoxéneo, e a falta dun liderado claro.